

## Xacemento O Outeiro do Castelo

070119

### Datos de Localización

Castro

<b>Nomenclator:</b>	3208206
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 616993 <b>Y:</b> 4651058
<b>Concello:</b>	Trasmiras
<b>Parroquia:</b>	VILA DE REI
<b>Lugar:</b>	Castelo, O
<b>Tipoloxía:</b>	Xacementos Arqueolóxicos
<b>Tipo:</b>	Castros
<b>Subtipo:</b>	Castro



**Denominación:** Xacemento O Outeiro do Castelo

**Etapa Histórica:** Idade do Ferro

**Estilo relevante:** Indeterminado

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

Nun outeiro de amplo dominio panorámico e boas defensas naturais, no lugar do Castelo enclávase este castro.

En superficie atopáronse abundantes anacos de tégula e ímbrices, cerámica medieval de pastas grises con desgraxante micáceo, ademais de sillares traballados a pico. Na ladeira oeste, á beira do camiño existe unha pequena pía rectangular escavada na rocha onde dín "que se lavaba a Santa". Moi preto noutra rocha, hai unha fornela onde din que "eiquí naceu a Santa". Esta última non foi localizada.

Na aba noreste do outeiro, atópanse uns penedos graníticos cunha gruta, onde hai un pequeno burato semicircular chamado "o forno dos mouros". Ao pé da gruta, pódense ver uns chanzos escavados na rocha. A vexetación existente non permite acceder ao interior.

O asentamento ten longa ocupación dende a idade do ferro, pasando pola época romana ata chegar á idade media. Tendo en conta a súa ubicación, podería corresponder a un castelo medieval, coñecido como "roqueños" ou "niño de agúa".

Hoxe o xacemento está dominado por un gran penedo de granito e pola capela da Virxe dos Remedios.

#### **BIBLIOGRAFÍA:**

-HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, J.R. (Dir.); *As parroquias do Concello de Trasmiras. Un achegamento ao mundo rural da Limia*. Zamora: Ed. Monte Casino, 2006. p. 147.

#### **DOCUMENTACION:**

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32082004.

### Características Construtivas

**Plantas:**

**Edif. Anexas:**

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m

## Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Religioso

### Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Descrición: O xacemento atópase bastante alterado pola apertura de varios camiños, onde sepoden ver restos de tégula e cerámica, pola construción de varias vivendas na aba do outeiro e da Capela da Virxe dos Remedios.

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

---























